

Acordo da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, de construción e declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución eléctrica no concello de Cerdido (expediente-e.: IN407A 2020/172-1).

Expediente-e.: IN407A 2020/172-1

Solicitante: UFD Distribución Electricidad, S.A.

Denominación: substitución do apoio B2GO8EBU//78-41-B-3 LMT. MEA803, no lugar do Cal.

Concello: Cerdido.

1) Características técnicas:

- ▶▶ Substitución de apoio de formigon por celosía metálica tipo C-1000-14 da liña LMTA. MEA803 20 kV, coa substitución de 130 metros de condutor LA 56 no van anterior.

2) Lexislación de aplicación:

- I. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- II. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- III. Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2013).
- IV. Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2000).
- V. Resolución do 19 de febreiro de 2014, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG núm. 54, do 19 de marzo de 2014).
- VI. Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa (BOE núm. 351, do 17 de decembro de 1954).
- VII. Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o regulamento da Lei de expropiación forzosa (BOE núm. 160, do 20 de xuño de 1957).

A relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados que se considera de necesaria



expropiación figura no anexo que se xunta con este acordo.

A declaración de utilidade pública, segundo o artigo 56 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación, para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

A documentación estará a disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Coruña, (rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071 A Coruña, entre as 9:00 e as 14:00 horas, de luns a venres, con cita previa a través do correo electrónico: seccion.enerxia.coruna@xunta.es, ou tamén nos teléfonos: 981 184 970 e 981 184 938), así coma no concello.

Ademais, se poderá consultar no portal web da Consellería de Economía, Empresa e Innovación: https://edicionportais.xunta.es/web/portal-cei-2014/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-electricas-distribucion-e-transporte#ocms_328133

A Coruña,

Isidoro Martínez Arca
Xefe territorial da Coruña

Disposición transitoria terceira Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

ANEXO

Expediente-e.: IN407A 2020/172-1

Solicitante: UFD Distribución Electricidad, S.A.

Denominación: substitución do apoio B2GO8EBU//78-41-B-3 LMT. MEA803, no lugar do Cal.

Concello: Cerdido.

Relación de propietarias/os, bens e dereitos afectados

Número de predio: 1.

Paraxe: O Cal Cerdido.

Cultivo: rústico.

Propietaria/o: descoñecida/o.

Afección de solo en pleno dominio:

- Apoio núm.: 78-41-B3.
- M²: 2,0.

